

**Resolución reitoral pola que se convoca os premios ao mellor Traballo Fin de Grao, Traballo Fin de Máster e Teses de Doutoramento en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a Cooperación ao Desenvolvemento e a Responsabilidade Social Corporativa (RSC) no curso académico 2024/2025.**

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h) dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo está comprometida coa implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible incluídos na Axenda 2030, en especial, aqueles vencellados coa cooperación ao desenvolvemento e a responsabilidade social. Estes premios oriéntanse a recoñecer a calidade daqueles Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Máster universitario (TFM) e Teses de Doutoramento centrados no estudo destes temas nas distintas ramas de coñecemento.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, premios ao mellor traballo fin de grao (TFG), fin de máster universitario (TFM) e tese de doutoramento (TD) da Universidade de Vigo no curso académico 2024/2025 que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](https://sede.uvigo.gal/) e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica  
O reitor  
Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)  
A vicerreitora de Extensión Universitaria  
Susana María Reboreda Morillo

**CSV : GEN-0f95-ac0c-3d4a-ddf9-e601-bac7-e822-6b54**DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>**FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 17/09/2025 09:54 | NOTAS : F**

## ANEXO I

**BASES QUE REGULAN OS PREMIOS TFG, TFM E TESES DE DOUTORAMENTO EN TEMÁTICAS RELACIONADAS COA AXENDA 2030, A COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E A RSC NO CURSO ACADÉMICO 2024/2025****1. OBXECTO**

Esta convocatoria ten por obxecto o recoñecemento dos traballos de fin de estudos de grao e máster universitario e a teses de doutoramento realizados polo estudiantado da Universidade de Vigo que se distinguan por ser especialmente relevantes en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a responsabilidade social.

- a) Convócanse premios para TFG por cada un dos seguintes grupos:
  - Artes e Humanidades: 1
  - Ciencias e Ciencias da Saúde: 2
  - Ciencias Sociais e Xurídicas: 2
  - Enxeñaría e Arquitectura: 1
- b) Convócanse premios para TFM por cada un dos seguintes grupos:
  - Artes e Humanidades: 1
  - Ciencias e Ciencias da Saúde: 2
  - Ciencias Sociais e Xurídicas: 2
  - Enxeñaría e Arquitectura: 1
- c) Convócanse 6 premios de Teses de Doutoramento para todas as ramas.

**2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Pode solicitar este premio o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Posuír nacionalidade española, nacionalidade comunitaria acreditando a residencia continuada, ou extracomunitaria acreditando a residencia legal en España no prazo de presentación de solicitudes (non é suficiente o permiso de estadaía por estudos).
- b) Cumprir unha das seguintes condicións:
  - i. Ter superado o traballo fin de grao ou fin de máster universitario durante o curso 2024/2025 na Uvigo cunha cualificación igual ou superior a 8,5 puntos.
  - ii. Defender a tese entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025 coa cualificación de Sobresáinte CUM LAUDE.
- c) A temática do TFG/TFM/Tese de doutoramento debe estar relacionada con:
  - **Axenda 2030:** todo tema relacionado con 17 obxectivos de desenvolvemento sostible: Fin da pobreza, Fame cero; Saúde e benestar; Educación de calidade; Igualdade de xénero; Auga limpa e saneamento; Enerxía accesible e non contaminante; Traballo decente e crecemento económico; Industria, innovación e infraestrutura; Redución das desigualdades; Cidades e comunidades sostibles; Produción e consumo responsables; Acción polo clima; Vida submarina; Vida de ecosistemas terrestres; Paz, xustiza e institucións sólidas e Alianzas para acadar os obxectivos.



CSV : GEN-0f95-ac0c-3d4a-ddf9-e601-bac7-e822-6b54

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 17/09/2025 09:54 | NOTAS : F

- **Cooperación ao desenvolvemento no marco da Axenda 2030:** cooperación financeira; cooperación técnica; axuda alimentaria e axuda humanitaria; principios e fundamentos xurídicos; política e xestión; cooperación e muller; dereitos humanos; ONG e outros actores da cooperación ONG; cooperación empresarial; cooperación universitaria.
- **Responsabilidade social corporativa no marco da Axenda 2030:** políticas públicas inclusivas; políticas públicas para a igualdade de xénero; inclusión de persoas con discapacidade no emprego público; definición de valores públicos; actuación responsable nas organizacións públicas e privadas; código ético nas organizacións públicas e privadas; deseño de plans de voluntariado nas organizacións públicas e privadas; mellora na xestión de prevención de riscos laborais.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

### 3. INCOMPATIBILIDADES

Os premios que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outro premio ou axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

### 4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a este premio irán con cargo á aplicación orzamentaria 2025 0000 121D 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 9.000,00 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
2. A contía individual máxima do premio será de **500 €** e tamén se lles outorgará un diploma. Esta contía está suxeita á retención de IRPF que establece a normativa vixente nesta materia.
3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria en España indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.

### 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1 As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace [https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/14807](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/14807), **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica estudantes (SXER) existente na sede ([enlace](#)) poñendo en **asunto** “Premios ó mellor TFG/TFM/TD en temáticas relacionadas coa axenda 2030”, achegando só o arquivo coa solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, se lle requirirá para que a emende a través da súa presentación electrónica.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **13 de outubro de 2025, ás 23:59 horas** (hora peninsular española).



CSV : GEN-0f95-ac0c-3d4a-ddf9-e601-bac7-e822-6b54

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 17/09/2025 09:54 | NOTAS : F

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- Memoria en formato pdf, máximo de 10 páxinas, nas que se describa as características do traballo.
- Informe da persoa directora do traballo/tese de doutoramento acerca do cumprimento do requisito de que a temática do traballo ou tese está relacionada cos temas descritos na base 2.c desta convocatoria.
- Unha copia en formato pdf do Traballo Fin Grao / Traballo Fin de Máster/Tese de doutoramento, ou enlace ao repositorio.
- O estudiantado que non teña nacionalidade española:
  - documento do Rexistro de cidadán/á da Unión Europea ou
  - tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estadía por estudos) de cidadán/a extracomunitario.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

## 6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións pública*.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- Temática e contidos claramente vencellados coa Axenda 2030, a Responsabilidade Social e a Cooperación ao desenvolvemento tal e como recolle o punto b) do apartado 2 desta convocatoria. Para calquera das tres temáticas valorarase a reflexión sobre a relación dos contidos do traballo coa Axenda 2030 no corpo do propio traballo: **máximo 40 puntos**.
- Deseño do plan de traballo: obxectivos, preguntas, instrumentos de recollida e medición de datos, etc.: **máximo 30 puntos**.
- Integración de contidos pluridisciplinares: **máximo 20 puntos**
- Grao de aplicabilidade: **máximo 10 puntos**

No caso de resultar vacantes nalgún grupo poderá ser adjudicado á persoa con maior puntuación das listas de agarda, ata esgotar o crédito orzamentario.

A Comisión de selección está composta por:

**Presidenta:** Susana Rebores Morillo, vicerreitora de Extensión Universitaria



CSV : GEN-0f95-ac0c-3d4a-ddf9-e601-bac7-e822-6b54

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORES MORILLO | FECHA : 17/09/2025 09:54 | NOTAS : F

**Vogais:**

- Xosé M<sup>a</sup> Mahou Lago, profesor do Departamento de Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía
- Ánxela Fernández da Silva, profesora do Departamento de Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía
- José Santiago Pozo Antonio; profesor do Departamento dos recursos naturais e medio ambiente
- Henar Quintas Salgado, directora da Área de Equidade e Diversidade

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Extensión Universitaria quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

**A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, con premios denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

7. As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](https://sede.uvigo.gal/) e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, producindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

**CSV : GEN-0f95-ac0c-3d4a-ddf9-e601-bac7-e822-6b54**DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>**FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 17/09/2025 09:54 | NOTAS : F**

## 7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e a concesión do premio á seguinte persoa da lista de agarda previa resolución.

## 8. OBRIGAS

A persoas beneficiarias deben cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.

## 9. PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual do traballo premiado e a propiedade material dos documentos que o integran corresponde ao autor/a do mesmo. A Universidade de Vigo poderá difundir con fins publicitarios o título, resumo e autor do traballo premiado.

## 10. REINTEGRO DOS PREMIOS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda de dereito de cobro destes premios:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

## 11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

## 12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



CSV : GEN-0f95-ac0c-3d4a-ddf9-e601-bac7-e822-6b54

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 17/09/2025 09:54 | NOTAS : F